70. 3 8) Bailador que andas bailando (1)
non poña-lo pé de punta, VI 278
o cura na confesón-he
por eso non che perghunta. (preghunta)

Ordes V, 1, Cerceda, Delfina 68 anos, Rosa 64 (sobriña)
CD 13, 3-4

V,1,80. 9) O cura na confezón-he (1)
mandoum'apartar das nenas
aghora por non pecar-e
deítome cas más pequenas. (ando coas)

90. 10) Baila, Manueliño, baila (1)
sacude ben os calzóns-e.
!Quén me dera dentro deles VI 1582a
un ferrado d'abellóns-e!
Ai la...

105. 11) Se queres que vaia e veña, (1)
rapaza, i-ó teu lughar-e
tés que mata-la cadela
que non fai se non ladrar-e.

109. 12) Se queres que vaia verte (1)
tés que barre-la entrada, VI 1042b
que me pican as espiñas
cando vou de madrughada.
La ....

114. 13) Este pandeiro que toco (1)
éche de coiro d'ovella, VI 204c
i-onte pacía na braña,
i-hoxe toca que rabea.
/:Ai la la la la la la la:/